

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA A AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE RENOVACION DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN A PÉ DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE PONTEVEDRA

### Feitos

1. Mediante Resolución do 31 de xaneiro de 2025 do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo aprobouse o calendario de renovación dos permisos de explotación de marisqueo a pé para o ano 2026. Para a presentación de solicitudes de renovación do ámbito da Confraría de Pescadores de Pontevedra establécese o prazo dende o 17 de febreiro ata o 14 de abril de 2025.

2. O 19 de marzo de 2025 a Confraría de Pescadores de Pontevedra solicita unha ampliación do prazo para a presentación da documentación no procedemento de renovación dos permisos de marisqueo a pé, de 20 días hábiles, debido á excesiva carga de traballo administrativo na confraría, ao ter persoal encargado da tramitación nunha situación de baixa e que dificulta cumprir o prazo establecido.

### Consideracións legais e técnicas

1. No capítulo III da Orde do 15 de xuño de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese o procedemento de renovación dos permisos de marisqueo a pé.



2. A Resolución do 31 de xaneiro de 2025 que aproba o calendario da renovación, establece para a Confraría de Pontevedra un prazo dende o 17 de febreiro ata o 14 de abril de 2025, e dicir, 41 días hábiles. O artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que a Administración poderá conceder unha ampliación dos prazos establecidos que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e non se prexudican dereitos de terceiros. Por este motivo, se poderá ampliar ata un máximo de 20 días hábiles.

Á vista do exposto, este departamento territorial **ACORDA:**

Ampliar o prazo de presentación de documentación relativa ao proceso de renovación dos permisos de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores de Pontevedra ata o **15 de maio de 2025**.

Esta Resolución notifícase á Confraría de Pescadores de Pontevedra e tamén se publicará no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial de Vigo e na páxina web: <http://mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e da entidade asociativa.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería do Mar no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte da súa notificación á entidade correspondente, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A directora territorial

María Elena Suárez Sarmiento

